

# A COMPAÑEIRA DE PISO

## (The Roommate)

Unha co-produción de Contraproducións e o Centro Dramático Galego



*“Unha cálida e marabillosa historia”*

Elizabeth Kramer -The Courier Journal

*“Combinando sutileza e comicidade a partes iguais,  
A compañeira de piso trata os temas da idade, a muller  
e a identidade dun xeito fresco e divertido.”*

Ashlie Stevens – WFPL

## Presentación

Dende o seu paso polo Humana Festival (Louisville, Kentucky) en 2015, a obra *A compañeira de piso (The Roommate)*, de Jen Silverman, leva sendo representada con éxito por varias compañías nos Estados Unidos ata o día de hoxe. Destacada pola crítica americana como unha mestura de “Thelma & Louise”, “A estraña parella” e “Breaking Bad”, Contraproducións presenta a primeira adaptación fóra dos escenarios norteamericanos en co-produción co Centro Dramático Galego.

En *A compañeira de piso*, Silverman quixo crear unha obra sobre mulleres pasados os 50 anos, e escribir papeis con substancia que non adoitamos presenciar nos escenarios. “Decateime que cando ía ao teatro non vía roles onde as mulleres maiores saíran do convencional”, explica. “Vía roles onde as mulleres maiores esperaban que os seus fillos chegaran a casa, ou afrontaban como os seus maridos as enganaban con mulleres novas. O público era animado a rir delas dun xeito que me resultaba sospeitoso. Facíame desexar darlles algo que as sacudira e vía que non se lles daba esa opción”.

A obra describe como a complicidade entre as dúas protagonistas “desencadéase polo humor”. A medida que van coñecéndose e baixan a garda, unha delas dirá algo que sorprende á outra e “faina escachar coa risa”. A pesares da súa pretendida contraposición, as dúas mulleres comparten moitas similitudes. Ambas teñen unha chispa dentro que fai estourar o sentido do humor e da aventura. As súas risas condúcenas a unha cercanía e complicidade que as incita a atopar conexións e vencellos entre elas.

A medida que a súa relación se desenvolve, estas dúas mulleres deberán tratar de resolver a nova dirección que queren que tomen as súas vidas, e descifrar se son capaces de parar o efecto bola de neve que leva a súa transformación.

## **Sinopse**

Sharon (Patricia Vázquez), unha ama de casa de cincuenta e pico anos e recentemente divorciada, publica un anuncio para compartir a súa casa no corazón do rural de Iowa. Sharon procura alguén coma ela, unha compañeira, se cadra, unha amiga. A chegada de Robyn (Rebeca Montero) para ocupar o cuarto deixa a Sharon de pedra xa que non podían ser máis diferentes: lesbiana, vegana, chegada do Bronx... Pero lonxe de arredarse, Sharon comeza a experimentar co estraño (e prohibido) xeito de vida de Robyn sen saber que a súa inquilina procura un refuxio no que agochase e cambiar de vida. Unha comedia negra sobre a capacidade de reconducir o tren da propia vida e o que sucede cando este descarrila.

## **A AUTORA – JEN SILVERMAN**



Nacida nos EE.UU. e establecida en Nova York, Jen Silverman creceu e viviu en Xapón, Francia, Suecia, Italia, Finlandia, Nova Zelandia e Canadá.

As súas obras comezaron a producirse no ano 2011, pero foi a partir de 2015 que gaña popularidade nos EE.UU. coa posta en escena da súa obra “The Roommate” no Humana Festival.

Silverman recibiu dúas veces a bolsa MacDowell da New York Foundation for the Arts, o premio Helen Merrill Award, a LMCC Fellowship, e o premio Yale

Drama Series Award. Acadou en 2016-2017 a bolsa Playwrights of New York (PoNY) Fellow at the Lark (dotada con 100,000 dólares e un apartamento en Nova York para escribir durante un ano).

Jen Silverman conta que comezou a escribir obras de teatro porque “teño o costume de facer un montón de preguntas e ninguén as contesta, así que as exploro nas miñas obras e continuo sen ter as respostas”.

## **AS ACTRICES – PATRICIA VÁZQUEZ E REBECA MONTERO**



**Patricia Vázquez** conta con máis de dúas décadas de experiencia no mundo do teatro profesional, tendo representado con compañías dramáticas como o Centro Dramático Galego, Producións Teatrais Excéntricas, Redrum Teatro, Ollomol Tranvía e Teatro do Morcego. No ano 2005 funda a compañía teatral Saprísti, xunto con Nuria Sanz.

**Rebeca Montero** diplomada en Arte Dramático pola RESAD de Madrid. Actriz en máis de vinte espectáculos no CDG e no CDN e máis de trinta anos de profesión en compañías privadas de teatro, televisión e cine. Finalista no ano 2017 ao premio Max de teatro por "Tartufo" do CDG. Nominada aos María Casares por: "Seis personaxes na procura de autor", "Noite de Reis" e "O profesional". Premio María Casares por "A alma boa de Sezuán" e "O segredo dos Hoffman"

## A DIRECTORA - VANESA SOTELO



Titulada en Dirección de escena e Dramaturxia pola Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, na última década asina espectáculos para diferentes compañías galegas. É o caso de *Kamouraska* (2010), *A illa das mulleres loucas* (2011), *Antiheroica* (2013), *Eila* (2018), *Laica* (2018) así como a asistencia de dirección para *Tartufo* (2016), do Centro Dramático Galego. O seu traballo foi presentado en festivais internacionais de Galicia, Francia, Brasil, Colombia, México ou Venezuela. Na actualidade, é a directora da *erregueté-Revista Galega de Teatro* e combina o seu traballo creativo coa faceta como pedagoga en diferentes colectivos e institucións de Galicia e Portugal.